


OFERTA: A **cantidade ofertada** é a cantidade dun ben que os **vendedores** están dispostos e son capaces de vender.


Factores que determinan a oferta:

1. PREZO DO BEN

Lei da oferta: Ceteris paribus, a maior prezo haberá unha maior cantidade ofrecida. A curva de oferta é CRECENTE. A curva de oferta é a representación gráfica desta lei. Unha modificación do prezo do ben provoca un **movemento ao longo da curva de oferta**.



Hai outros factores (no apartado anterior quedaron en condicións ceteris paribus pero hai que analizar como a súa variación inflúe na cantidade ofertada. Ao variar estes factores provocarán un movemento da curva de oferta a dereita ou a esquerda.



2. OS CUSTOS DE PRODUCCIÓN

Se os custos baixan, as empresas aumentarán a oferta por crer que terán maiores beneficios. Compre lembrar que os custos de produción dependen dos custes dos factores de produción (traballo e capital) e da súa produtividade:

Se aumentan os custes dos factores (os xuros ou os salarios), aumentarán os custes de produción e polo tanto diminuírá a oferta.

Se mellora a produtividade, as empresas producirán máis empregando os mesmos factores; isto fai diminuír os custos de produción e aumenta a oferta.

3. EXPECTATIVAS DAS EMPRESAS SOBRE O FUTURO

Se as expectativas dos empresarios sobre o futuro son boas, aumentará a oferta e se son malas, baixará.

4. OUTROS FACTORES: Meteoroloxía, conflitos laborais, plagas, guerras,....